

Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC

(Alumni USC)

XIII PREMIO DE RELATO CURTO

Relato gañador

“O isco”

Pseudónimo: Avelaiona.

Autor: Ricardo Cid Paz.

Claro que sería unha mágoa que se desperdiciaran. Cando volvemos de botar as patacas, corrín a botarlle unha ollada e xa había, polo menos, media ducia de casulos. Decontado, fixénllo saber a meu pai, quen respondeu coa mesma cachaza de sempre; ao máis tardar e se non habíamos ir o xoves, iríamos o venres. As outras veces tiña acontecido cando tanto nos atrasabamos que, ao final dentro da caixa, case todo eran casulos, mesmo moscas, que saían voando por ducias nada máis levantar a tapa.

O traballo en si non era para nada laborioso, aínda que si algo noxento. As moscas collíaas eu mesmo, pois era esta unha habilidade improdutiva que Deus me dera. Facíao coa man. Polo miúdo por riba do mantel da cociña, que era onde máis gustaban elas de exhibir as súas trompas, chuchando por aquí e por acolá todos os refugallos que puideran servir de alimento aos seus veludos corpos de ás membranosas. Despois metíaas todas xuntas baixo dunha caixa de cartón, con buracos feitos a tres, cun garfo para poder respirar, e compartindo espazo co cadáver dun rato, dun paxaro e deus me libre se a miña nai se decatase, dun pouco de carne do pescozo dalgunha das galiñas. Así todo e ben traballado, aquilo era unha fonte inesgotábel de isco. Asemade, o maior problema residía na escaseza de provisións, polo que cumpría aproveitar moi ben o xénero.

Para darlle uso, eu tiña unha cana de bambú, longa coma un día sen pesca. A do meu pai era algo máis curta, grosa na empuñadura e con punteira semellante a dun vime. A miña era dunha soa peza, porén a del, tiña carrete. A miña tan só levaba unha tanza tan longa coma a mesma cana, unha boia, catro ou cinco chumbos e un amocelo de arame enferruxado feito cun alicate. Meu pai dicía que, para o que eu facía, abondaba.

Para min saír de pesca era coma un pasatempo. Para meu pai, o xeito de acadar un xantar. Pretexto que ben me valía de paso para faltar na escola, á fin e ao cabo, prefería facer calquera outra cousa, antes que coller un libro ou bocexar durante os rezos. En troques, á

melindrosa da miña irmá, encantáballe aprender, e resultaba tan asisada que, cando calquera dos días que eu me ausentaba e ao preguntarlle o mestre polo motivo das miñas faltas, espetáballe un “porque non lle apeteceu” e punto. Algo que por outra banda tampouco é que fose mentira, pois cando non andaba co gando, andaba atrás do meu pai axudando no que fose, e aínda que as miñas mans eran pequenas, coido que el, case que o agradecía.

O neno ten que ir á escola! —diciálle miña nai cando ceabamos—. *Ha ser un burricán coma nós, xa verás tí.*

Mais o meu pai tan só engulipaba do pouco que había, para axiña correr a deitarse, pois sempre dicía estar moi canso.

Así era el. Un home silandeiro e solitario, mesmo cando estaba acompañado. Coas verbas atravesadas no groso da noz, como se fosen avespas de souto no acubillo das bugallas. A miña nai dicía que se fixera así logo de morrer a súa nai e, como queira que agora levaban tantos anos xuntos, tampouco botaba de menos a súas conversas.

Xuntos os catro viviamos baixo o teito que miña nai herdara daqueles seus pais naturais e no que fora criada, ao coidado dos seus pais de adopción, os avós. Ser, era un enorme casal, se cadra algo vello. Con pilastras de carballo que, agora e cos anos, xacían tan febles coma as pernas dun vello deslembrado, ao que xa lle renxían as trabes, cando apenas soportaba o peso dun paporrubio nun paseo de verán, na busca de térmites. Caloroso fogar, que a miña irmá devecía por perder de vista de vez, ao abeiro dunha boa escusa, pola que marchar da aldea para sempre, na que sempre dicía, malpocada, non saber que facer.

Que sabería ela! Non saber que facer é das peores cousas neste mundo. Eu penso que morrer había ser mellor cousa denantes que aburrirse. Se cadra debera corricar polos montes e as chairas como eu facía. Choutar e zarrapicar nos charcos ou mollarse na vaira do río. Agocharse baixo dun padumeiro de outono e axexar as animalías. Perseguir réptiles ou capturar cágados nas pozas. Ir á prea e fabricar tiracroios coa galla dun castiñeiro. Buscar

ninfas entre as augas da lagoa e, de todo o mellor, saír a pescar. Peixes no río, ras e ovos na lagoa.

Malia todo, para a arte da pesca nós non tiñamos barca coa que achegarnos a remexer entre xuncos e carrizas na procura de niños, e tampouco cestas de vime folgadas, como calquera pesco de prol, nin tan sequera farelos para atraer os mansíos. Mais do que si tiñamos dabondo, cando por fin saíamos a tempo, era isco. Un bote ben xeitoso, cheo de vermes, amais de miñocas, lesmas e outros bechos, que eu mesmo apañaba das verzas e leitugas, que miña nai plantaba diante da casa, e entre os que sempre metía tamén, uns anacos de trapo vermello, pois deles valiámonos para coller as ras. Rudimentarios aparellos, entre os que nunca faltaban lapis e papel, pois gustábame xogar a tomar nota de todas as capturas que facíamos. Polo afán de competir. Era o meu xene natural. Competición desigual onde as ras contaban dobre. Non sei moi ben o porqué, pois eu mesmo puxera as regras e, ao cabo, non me gustaba nadiña pescalas. Case nunca o facía, e daquela, prexudicábame á hora de acadar a vitoria, pois elas eran cousa máis ben de meu pai, xa que descravalas do amocelo resultábame desapiadado, algo que porén, non me acontecía cos morriñosos peixes. En consecuencia, abonda dicir quen era o que máis pescaba... Pois dando para tanto como daba aquel bote cheo de vermes e farrapos vermellos, acontecía acotío que a miña paciencia resultaba efémera e aínda non sendo para nada de aburrirme, si que era de moito fartar, polo que axiña buscaba algo novo co que poder entreterme. Xa fora cravando un verme no amocelo para botalo na beira do río, onde case non había fondura e nadaban os iscallos, coa única e inxenua intención, de que algún deles picara, para logo facer el mesmo as veces de carnada e tratar de pescar un peixe máis grande, aló no medio da auga. Como esoutras veces cando deixaba a cana encaixada entre dúas pedras e marchaba na busca de fazañas, sempre pola beira, sen afastarme demasiado, botándolle pedras ás cobras e mesmo meténdome na auga até polos nocellos, nunca máis diso, pois endexamais aprendera a nadar, e para rematar case sempre do

mesmo xeito, reprendido, ben polo meu pai, ben por outros pescos de arredor, que dicían que lles escorrentaba a pesca.

Pescar, pescabamos no río Faramontaos e, segundo a época do ano, había veces que tamén nos achegabamos até a lagoa. Alí procurabamos ovos de pato e de garza, bailabamos os zarapellos vermellos para coller as ras e pillabamos todo o que se nos puxese por diante. Mais a min o que en realidade me gustaba facer no lago Bión, como aínda lembro lle chamaban os avós, era explorar. Recoñecer o terreo na busca de cadáveres para as miñas moscas e imaxinar. Imaxinarme á fronte dunha nube de cínfanos, con disciplina castrense, herdanza do pasado ao servizo do Rei Arturo, que contaban os vellos. Ou ben meter a testa debaixo da auga, por ver se era quen de atopar a desaparecida cidade de Antioquía, que disque había estar mergullada debaixo daquelas augas lamacentas.

Pero meu pai sempre dicía que aquilo era unha porcallada e non había ser porque non mo advertira, mais o mesmo día en que tivera a gran sorte de toparme co corpo medio descomposto dunha lontra, alimento dabondo para as miñas moscas, houbera de ser el mesmo, quen coas súas propias mans tivera que quitarme, picándoo unha a unha co gume dunha navalla, media ducia de sambesugas que se tiñan aplicado ao meu corpo, espalladas por pernas e brazos.

Eu non sei se sería por mor das sambesugas o polas miasmas que emanaba o cadáver daquela lontra da que só eu sabía, mais o caso foi que en cuestión de días, caín enfermo. As miñas pernas enchéranse de pintas vermellas, deran en fraquear e apenas eran capaces de soste-lo meu corpo lanzal. Tiña acadado moita febre e o doutor dixéralle aos meus pais que debía gardar repouso, polo que houben de pasar varios días metido na cama.

Namentres durou a estraña doenza, a miña nai botara case que todo o día comigo dentro da habitación, coas intermitencias estritamente necesarias e sempre cubertas pola miña irmá, que non deixara de queixarse. Meu pai e, sen saber que eu era consciente por crer que durmía, viña cada noite logo de botar todo o día traballando, a bicarme na fronte, por ver se

deixaba de arder e para transmitirme a través do seus beizos, as ganas que tiña de que me recuperara axiña, seguramente, para volver pescar xuntos.

Foron uns longos días, nos que moitas veces pensei que tería sido daquela lontra. Aló, oculta na palleira, onde aínda tivera tempo de agochala, dentro dunha caixa da que as moscas habían eslumecer por saíren dela.

Mais a última noite na que deixei de tremer por mor da febre, houben de facelo por outro motivo e, aínda peor, cando sentín un falar preocupado no piso de embaixo. De miña nai, creo que até chorando coa miña irmá, entre outras moitas voces que non acertaba a recoñecer.

Valéndome do caxato, que meu pai entallara coa madeira dunha abeleira descortizada, para cando tivera que andar de pé, fun baixando pouco e pouco os chanzos, até chegar ao fogar. Alí, atopeime con varios dos nosos veciños, mulleres e homes, tentando dar ánimos á miña nai e maila miña irmá, que xacían murchas e abrazadas enriba dun tallo. Baixo o canizo, varios deles falaban de organizárense para saíren na busca. Entón foi cando souben da falta de meu pai, que seica saíra a pescar pola mañá e aínda non regresara.

Buscárono durante corenta e oito horas, día e noite, sen resultado. Provistos de forcadás, paus e farois, cortando a vexetación máis basta valéndose de fouces. Rozáranos todo. Unha praga de lagostas de día, capaces de arrasaren co bosque e unha ringleira de procesionarias noitébregas, vestidas de vagalume.

Miña nai rezaba a todas horas e mesmo tiña levado flores a San Antonio. Miña irmá, e por vez primeira, enfundara unhas botas de traballar para ir meter os pés no bulleiro. Namentres, eu debín permanecer acamado. Alomenos até o terceiro día, cando en contra dos desexos de miña nai e os consellos do doutor, decidín erguerme para sumarme á busca. Daquela, aínda debía axudarme do caxato, mais tiña que facelo, pois eu era de todos, quen mellor sabía onde el e mais eu nos moviamos acotío.

Sinalei todos os lugares posíbeis, habidos e por haber. Buscamos polas beiras do río e por entre a vexetación da lagoa, mais a xente xa tiña todo practicamente desbravado. Mesmo percorremos en barca parte das augas, aínda que co paso do tempo e sen resultado, moitos acabaron desistindo. Contra a miña primeira noite, miña nai e maila miña irmá, tampouco formaban xa parte do equipo, pois ao non poderen soportar o pesar, tíñanse retirado a pedir por el ante Deus. Pero foi cara ao xantar do quinto día, cando os poucos que quedabamos, fixeramos unha pausa para comer e descansar nas beiras da lagoa. Daquela xa non quedaban sitios onde mirar, e fora durante un pasear caviloso, que me tiña algo afastado do grupo, que fun dar atrás dunhas espadanas ben altas, preto dunha poceira desas que máis fondas dicían e ás que sempre tivera prohibido achegarme, onde recoñecín a cana do meu pai aboiando sobre a auga, enleada entre xuncos e cuberta con algo de verdello. Daquela o meu corazón cominou con deterse, para logo acelerarse sen control.

Sen ter conta do perigo, metínme na auga até cubrirme polos sobrazos e fun movéndome devagar, rozando co caxato todas aquelas herbas, que case non me deixaban ver. Entón enxerguei algo. Primeiro unha perna, dobrada polo xeonllo nunha posición anatomicamente imposible e tras achegarme até onde a auga xa me daba polo pescozo, o resto do corpo, inchado, esbrancuxado e cheo de vermes, medio rilado polas animalias.

Devolvín o pouco que tiña no estómago e saín da auga tan axiña como puideren e, tamén como puideren, conmocionado polo achado e aínda coa debilidade da convalecencia, corrín para avisar o resto.

Polo camiño, enchíame de remorsos e asaltábanme un múltiplice sentimento de culpabilidade. Por desouvir os seus consellos, por ter enfermado, por permitir que saíra el só a pescar... e por enriba de todo, pola miña falta de xuízo pois, no medio do pesar, coábase un pensamento indigno que non procedía xa que, nunca antes na miña vida, tiña visto tanto isco xunto.